

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO I-II**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO I-II										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN					ITINERARIOS:		PIANO E ACORDEÓN		
CARÁCTER:	OBRIGATORIA					TIPO DE CLASE:		COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS					XEFE DE DPTO.:		MATILDE RUBIO MUR		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		A DETERMINAR	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1
ECTS/CUAD.	1,5	1,5	1,5 (acordeón)	1,5 (acordeón)					Observacións:	-----
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	PABLO SABIO LADRA					pablosl@edu.xunta.gal				

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Desenvolvemento da capacidades que permitan a práctica da improvisación nun instrumento polifónico a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Principios básicos do acompañamento nos diferentes estilos e en diferentes formacións instrumentais. Práctica do baixo cifrado.</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Todos os coñecementos harmónicos e de análise anteriores.</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL) Inda que, en principio, a improvisación musical significa facer un traballo, pasaxe, etc., sen telo planificado con antelación, é imposible facer una improvisación de certo nivel sen antes estudar as ferramentas necesarias para a súa realización. Estas ferramentas atópanse no coñecemento destas tres disciplinas: harmonía, composición e análise, desenvolvidas de xeito práctico no piano.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 T3 T7 T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19
<p>Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro. Anexo II</p>	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Potenciar a creatividade a partir do coñecemento e a práctica de técnicas da improvisación a solo ou en conxunto.	T1 T3 T15 X2 X7X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19
Adestrar a lectura, a memoria e a interpretación comprensiva a través da análise de cada un dos elementos que integran as obras musicais de diferentes estilos.	T1 T3 T15 X2 X7 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19
Realizar a análise harmónica ao teclado de obras para piano, reducindo a textura polifónica ao seu esquema básico.	T1 T3 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E15 E17 E19
Improvisar melodías, acompañamentos ou pezas xa sexa libremente ou seguindo pautas establecidas previamente	T1 T3 X2 X7 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19
Memorizar e desenvolver estruturas harmónicas extraídas de obras do repertorio clásico de diferentes estilos	T1 T3 X2 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17
Desenvolver a capacidade de análise en canto a estruturas harmónicas e formais se refire e comprender a importancia e	T1 T3 T15 X2 X7 X8 X17



posibles aplicacións prácticas no seu desenvolvemento musical	X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Desenvolver o pensamento consciente mentres se está tocando	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Demostrar o reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir durante a interpretación	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI 2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS 1º CUADRIMESTRE (Impro e acompañamento I)	SESIONS
1.O Acorde. Estructuras harmónicas, patróns	1.1 Clasificación dos acordes tríadas e cuatríadas. Enlaces de acordes. Investimentos. 1.2 Patróns rítmicos. 1.3 Tonalidades maiores e menores. Círculo de quintas. Grados I-II-III-IV-V-VI-VII-V do V 1.4 Cifrado harmónico. 1.5 Creación e desenvolvemento de motivos cun acorde 1.6 Estructuras harmónicas de catro compases. 1.7 Acordes de sétima dominante. Enlace harmónico. 1.8 Dominantes secundarias. 1.9 Procesos cadenciais: Cadencias e semicadencias. 1.10 Estructuras harmónicas de oito compases. 1.11 Redución harmónica 1.12 Progresións.	6
2. Creación melódica	2.1 Construción do motivo con notas reais. Cun acorde e con máis de un acorde. 2.2 Construción de motivos introducindo notas de paso e floreos. 2.3 Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte 2.4 Motivos, semifrase, frases. 2.5 Frases de oito compases. Pregunta-resposta. 2.6 Creación melódica en base as harmonías traballadas	6
3. Improvisación e Acompañamento	3.1 Acompañamento a melodías clásicas e/o populares, tendo en conta os contidos anteriormente tratados. 3.2 Improvisación imitativa e libre en base aos contidos traballados	2
4. Repaso dos contidos tratados	4.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados	2
TOTAL SESIONS:		16

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS 2º CUADRIMESTRE (Impro e acompañamento II)	SESIONS
1. Estructuras harmónicas, patróns	1.1 Estructuras harmónicas: Os acordes en investimento. Desenvolvemento por investimento. Enlaces. Patróns rítmicos. 1.2 Tonalidades maiores e menores. Círculo de quintas. Graos I-II-III-IV-V-VI-VII-V do V. Acordes de sétima. 1.3 Cifrado harmónico 1.4 Redución harmónica 1.5 Variacións rítmicas, melódicas e na textura. 1.6 Sétima de dominante. Investimentos (I)	5
2. Creación melódica	2.1 Construción do motivo con notas reais. Cun acorde e con máis de un acorde. 2.2 Construción de motivos introducindo notas de paso e floreos. 2.3 Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte 2.4 Motivos, semifrase, frases. 2.5 Frases de oito compases. Pregunta-resposta. 2.6 Creación melódica en base as harmonías traballadas	5
3. Improvisación e Acompañamento	3.1 Acompañamento a melodías clásicas e/o populares, tendo en conta os contidos anteriormente tratados. 3.2 Improvisación imitativa e libre en base aos contidos traballados	5
4. Repaso dos contidos tratados	4.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados	5
TOTAL SESIONS:		5

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Práctica de aula: Traballo pormenorizado dos temas en clases colectivas. As clases Terán unha	16/ 5		16/5

<sup>1</sup> Ler o punto 8: Observacións, desta programación<sup>2</sup> Ler o punto 8: Observacións, desta programación



<p>compoñente principal de práctica ao teclado. Planificaráanse as actividades de forma que se fomenta a participación simultánea do grupo de alumnos, impulsando así o traballo colaborativo na aula.</p> <p>Partirase dunha peza ou fragmento clásico ou popular que conteña os contidos a traballar, realizarase:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e análise formal, melódica, rítmica e harmónica.</li> <li>2. Exercicios harmónicos derivados da análise en distintas tonalidades</li> <li>3. Transporte de acordo coa estrutura harmónica</li> <li>4. Improvisación de acordo coa estrutura harmónica.</li> </ol> <p>Tamén, por mor do estado de alarma e da suspensión das clases presenciais, porase a disposición do alumnado que así o desexe a posibilidade de recibir docencia a distancia polos medios que se estimen oportunos.</p>			
Práctica individual: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas e técnicas da práctica harmónica e da improvisación ao teclado traballadas na aula. Comprenderá 1) análise do material musical sobre o que se traballa nas clases 2) preparación e adestramento dos recursos cognitivos técnicos e interpretativos necesarios para a práctica harmónica, repentización e improvisación			29/10
Traballo telemático: por mor do estado de alarma e da suspensión das clases presenciais, porase a disposición do alumnado que así o desexe a posibilidade de recibir docencia a distancia polos medios que se estimen oportunos. Igualmente, proporáanse ao alumnado, sempre mediante medios telemáticos, tarefas adaptadas aos contidos traballados con anterioridade e aos medios dispoñibles.	A determinar	A determinar	X
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>45/15</b>

**6. AVALIACIÓN.** Por mor da declaración do Estado de Alarma e a suspensión das clases presenciais, o período computable para esta modalidade de avaliación no segundo cuadrimestre será o comprendido entre o 3 de febreiro e o 12 de marzo, ambos inclusive. Non obstante, co obxectivo de proporcionar ao alumnado a posibilidade de mellorar as súas cualificacións finais, avaliarase de xeito complementario e sempre adicional o traballo levado a cabo durante o período de ensinanza a distancia.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Traballo na aula	Amosar na aula unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X23 E13 E14 E15 E18 E19	50%
Traballos complementarios	Seguimento do traballo individual fora da aula.	T1 T3 T15 X8 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	50%
Traballo no período de ensinanza a distancia	Seguimento do traballo individual fora da aula por medios telemáticos.	T1 T3 T15 X8 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	30% adicional a partir da nota da avaliación continua
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
1 Desenvolvemento dunha estrutura harmónica	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos (o á o acordeón) adecuadamente	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%
2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos (o á o acordeón), así como a escoita interna	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado	Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA, máis de 4 faltas) Debido á declaración do estado de alarma e á suspensión das clases presenciais, esta proba será levada a cabo por medios telemáticos.</b>			
1. Desenvolvemento dunha estrutura harmónica	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos (o á o acordeón) adecuadamente	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos (o á o acordeón), así como a escoita interna	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado	Amosar coñecemento dos procedementos construtivos improvisación	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%

**6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

1. Desenvolvemento dunha estrutura harmónica	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos (o á o acordeón) adecuadamente	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%
2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos (o á o acordeón), así como a escoita interna	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado	Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%

**PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA:** A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20 % dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos atópanse nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica sobre as dificultades do curso, obtendo matrícula de honra o alumno que obteña a cualificación maior na mesma.

**7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**

- Aebersold Jazz, J. (1967/1994) *Como improvisar y tocar Jazz (6ª ed.)*. Spanish Edition.
- Ansins Arbó, Miguel (2004) *Teoría y práctica del bajo cifrado, en su realización al piano*. Madrid: Real Musical.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) *22 pequeños preludios. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Bach, J. S. por García Vázquez, J. R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Bernaud, A. y Desportes, I (2003) *Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel*. Madrid: Real Musical
- Cortada, M. L. (2003) *Teoría y práctica del bajo continuo*. Barcelona: DINSIC Publicaciones Musicals, S.L.
- Coker, J. (1964) *Improvisando en Jazz*. Buenos Aires: EDITORIAL VICTOR LERU
- Ferrer, Ferran (2001) *Acompaña y disfruta*. Valencia: Impromptu Editores, S. L.
- Lorenzo de Reizábal, A., Olabarrieta Zaro, J. (2010) *Improvisación: De la teoría a la práctica*. Barcelona: Editorial Boileau.
- Levine, M. (2003). *EL libro del Jazz Piano*. EEUU: Sher Music Co.
- Molina, E.(1990). *Improvisación al piano. Volúmen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Voúmen 2. Desarrollo de estructuras armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 3. Estructuras melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E.; Molina C..(2006) Burgmüller. 25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa
- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento. Voúmen 1*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L



- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). Improvisación y acompañamiento. Voúmen 2. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L
- Oltra, M. (2003). *Ejercicios de acompañamiento*. Barcelona. Ed. Boileau.
- Real Book I-II
- Toch, E. (2001). *La melodía*. Barcelona: Idea Books.
- Toch, E.(2001). *Elementos constitutivos de la música*. Barcelona: Idea Books

## 8. OBSERVACIÓNS

O tipo de contidos desta asignatura fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudado éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

**O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos.**

Dado que o número de semanas non coincide co número de sesións adaptarase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema; en ningún caso se incluírán temas deste curso no seguinte.